

LECTURAS DE NADAL

Bibliotecas escolares e
municipal do Concello de Rois



EDUCACIÓN INFANTIL



Autores: Du Fai / Gil

Un gran libro co que aprender a resolver os problemas con agarimo. A pequena abrazosauro atópase ante un dilema: Como vai conseguir que os seus amigos e amigas deixen de discutir, ruxir e pelexarse? Está disposta a intentalo todo. A súa nai sempre lle di que os abrazos son a mellor solución. Logrará que todo volva á calma?

Autor: Ricardo Alcántara e Gusti

Que sucede cando un feroz pirata sobe ao pau maior do seu navío e, en plena aventura, a súa nai o chama para que vaia merendar?

“O pirata valente” fai 30 anos estimulando a fantasía coas divertidas rimas dunha trepidante peripecia que, sen saír da casa, invita a sucar os mares facendo abordaxes e buscando tesouros.




Autora: Desiree Acevedo

Na casa de Pepín toda a familia amenceu contenta e preparan con ilusión todo o necesario para celebrar xuntos o Nadal, pero a Pepín xórdelle unha importante pregunta. Se ese día a casa está tan bonita, están todos xuntos, sorrín máis que nunca, hai agasallos para todos, comen manxares e a xenerosidade brilla en cada recuncho... Por que non é sempre Nadal?

Autora: Marian Ruíz Johnson

Polo camiño é un poema-canción infantil que desprende ledicia, ritmo e musicalidade. Está protagonizado por distintos animais -dende elefantes a ratos, bechos e osos- que marchan ao ritmo dos versos octosílabos, marcando unha progresión numérica. Así, do 1 ao 10 vanse enumerando personaxes ata chegar a un sorprendente e festivo destino.



EDUCACIÓN INFANTIL



Autor: Antoniette Portis

Unha caixa é xustamente unha caixa... a menos que non sexa unha caixa. Dende unha montaña a un foguete espacial, o protagonista demostra como unha caixa pode ser todo aquilo que nos permita a imaxinación. Recreando vivencias da súa nenez, a autora aposta por potenciar a economía de recursos de antano: sen apenas nada co que distraerse, pódese converter o obxecto máis sinxelo no xoguete máis marabilloso.

Autor: Antonio Rubio

A colección *Do berce á lúa* está dirixida a nenas e nenos de 0 a 3 anos de idade, para quen se deseñaron especialmente estes pictogramas poéticos ou poemas, un termo acuñado para designar unha modalidade de poesía pictográfica baseada na busca dun ritmo de lectura que axude a “educar o ollo e adoazar o oído” do pequeno lector, explica o poeta Antonio Rubio.



Autora: Yayo Kawamura

Un divertido libro con rodas, linguas e outros elementos móbiles para que os máis pequenos descubran as estacións con Pepe e Mila.

Autora: Olga Brañas


Pitusa Semifusa é un mollo de cancións protagonizadas por unha nena neta dunha famosa directora de orquestra e que, logo de herdar dela un gramófono, sente curiosidade por coñecer todas as familias de instrumentos.


Pitusa Semifusa é proxecto para o que Olga Brañas se rodeou dos máis importantes músicos do panorama galego, dende Sérgio Tannus a Uxía...



Autoría varia

Datos interesantes para persoas curiosas: 100 datos divertidos aleatorios para saber, para nenos/as e persoas adultas. Un libro de feitos ilustrado simplificado. A curiosidade é atención ao mundo que nos rodea, a todo o que nos é descoñecido, un ímpeto, unha vitalidade.






Autora: Bárbara Cantini

Mortiña está de volta! Con ela aprenderás: chistes espantosos, a disfrazáreste e a creares historias arrepiantes e... moitas cousas máis. Estás listo/a para pasar unha noite espantosamente divertida?

Autora: Nones Araújo

Animais, elementos da natureza, froitas, xoguetes, materiais para a escola, profesións, contos tradicionais e festas escolares. Entre estas oito seccións repártese o cento de ocorrentes adiviñas que completan este libro. Unha mancha de textos sinxelos para poñer a proba a perspicacia dos cativos e enriquecer o seu vocabulario.





Autora: Gemma Merino

Todo o mundo sabe que aos crocodilos os engaiola a auga, pero este cativo crocodilo é diferente. A el non lle gusta a auga para nada. De feito, prefire rubir ás árbores. E se este crocodilo non fose realmente un crocodilo?

Autor: Alexander Staffensmeier

Linda é unha vaca diferente ás demais. Cada mañá, mentres a muxían, a vaca Linda fitaba nerviosa e impaciente cara ao exterior da granxa. Porque había algo que a Linda lle gustaba máis ca nada no mundo. O seu maior pracer consistía en meterlle un susto ao carteiro e escorrentalo da granxa.





Autora: Eva Mejuto

Unha divertida viaxe por Galicia da man de dez intrépidas gatiñas. Dez gatiñas curiosas, rebuldeiras, intrépidas, van coas súas mochilas percorrendo toda Galicia. Ata onde as levará a súa viaxe? Con base na tradición oral e un gran sentido do humor, créase unha divertida aventura ao longo da xeografía galega, chea de ritmo e con moito que descubrir en cada páxina.

Autor: El Hematocrítico

Rapunzel pasa o tempo na súa torre protexida de calquera perigo: bruxas malvadas, ogros, lobos... O que non espera é ser atacada polas criaturas máis silandeiras: os piollos! Estes bichiños multiplícanse rapidamente na súa longa melena e non hai remedio contra eles. Nin a limpeza de Brancaneves e os seus ananos, nin o raio conxelador da Raíña das Neves, tampouco o enxeño de Garavanciño. Os piollos construíron unha cidade no seu cabelo e non pensan marchar. Como ha facer para liberarse deles?



Autora: Miriam Tirado

Desde moi pequena, Martina a miúdo se sente incómoda. Unhas veces é pola luz, que a cega, ou por un ruído, que a asusta. Outras veces é polas costuras da roupa, que se lle cravan e case parece que teña petiscos na pel. Aínda que ás veces é difícil ser tan sensible, Martina descubrirá que en realidade, ten un superpoder. Grazas á súa sensibilidade, pode sentir, vivir e conectar cos demais con maior intensidade.

Autora: Peter Arrenius

Sabes quen traballa de noite? Desde o persoal de panadaría, até os e as profesionais de medicina, o persoal maquinista do tren nocturno, operarios e operarias das obras e vixiantes de museos. Descubre persoas fantásticas que traballan mentres dormes neste libro de cartón de gran formato con numerosas solapas en cada páxina.



EDUCACIÓN PRIMARIA. 2º CICLO




Autora: María Menéndez-Ponte

Con esta banda de primos vivirás moitas aventuras e descubrirás moitos misterios. Estes cinco primos son a mellor axencia de detectives do mundo. Moitas das aventuras acontecen en Galicia, o que vai axudarche a coñecer moitas palabras da nosa lingua.

Autora: Noa Paradise

A Noa gústalle ser *influencer* pero... isto non é o que máis lle gusta porque... ela o que quere é ser meiga!!
E vai aprender a ser meiga grazas á súa avoa!!



Autores: Jaime Copons Ramon e Liliana Fortuny Arnella

Agus, Lidia e os monstros adentraranse no mundo surrealista dos recordos de Salvador Dalí, onde coñecerán a Breton, Pepín Bello, Buñuel, Lorca, Picasso... Desta volta, Agus e os monstros vivirán unha aventura cultural a través da cal coñecerán a arte.

Autora: Gloria Sánchez

O señor Clin era un artesán vidreiro que modelaba fermosas figuras de cristal. Como no tiña boa memoria, nunca recordaba onde deixara os zapatos ou as chaves da casa. "Por que os mobles non serán transparentes?", cavilaba. "Así sabería onde están as cousas".



EDUCACIÓN PRIMARIA. 2º CICLO



Autor: Bregán Riveiro

Tonecho, o único pequeno da súa aldea. Rebordechao é unha aldea que queda alá por...chegando á... O certo é que non é doado atopar Rebordechao, nin aínda que a busques. Neste lugar perdido vive Tonecho, o neno máis bo e máis guapo, o mellor de todos, porque en Rebordechao... non quedan máis nenos ca el.

Autor: Jeff Kinney

Queda pouco para que chegue o Nadal e a Greg preocúpano que Papá Noel poida ver todo o que fai e non lle traia agasallos. Ademais pode que Papá Noel teña trasgos espía con forma de boneco que vixían o que fai Greg e poidan contarlle despois. O Nadal non sempre é tan agradable como parece e outros anos Greg recibiu agasallos que non lle fixeron demasiada ilusión, como cando lle regalaron a Alfredo, o xoguete do ano, un "boneco realista para mozos que chora, come, mexa por el e até lle crece o pelo".




Autor: Eloy Moreno

Quen non desexou algunha vez ser invisible? Quen non desexou algunha vez deixar de selo? O problema é que nunca cheguei a controlar ben ese poder: Ás veces, cando máis ganas tiña de ser invisible, era cando máis xente me vía e, en cambio, cando desexaba que todos me visen, era cando ao meu corpo lle daba por desaparecer.



EDUCACIÓN PRIMARIA. 3º CICLO




Autor: David Lozano

Imaxínate que un día o teu aniversario desaparece do calendario? Edu é un neno de dez anos ao que de golpe lle desaparece o día do seu aniversario do calendario. Esta decisión das autoridades non lle senta nada ben e... decidido a recuperar o seu día de aniversario acode á Tenda de Cousas Prohibidas.

Autora: Tea Stilton

Ao club de Tea encántalle vivir aventuras con Will Mystery, un detective do departamento das sete rosas. Este equipo descobre varios secretos dos mundos fantásticos e fan moitísimas amizades. Atrévete a mergullarte nesta aventura?



Autor: Agustín Fernández Paz

Un dragón, unha princesa e un bruxo nunha aventura marabillosa. Un libro sobre o terrible dragón Smaug, quen ten aterrorizada a xente da comarca, pois ataca de cada pouco os seus habitantes e rouba canto haxa de valor. Zeralda, a princesa de Moebia, decide vingarse del. Mentres o monstro dorme, róuballe o tesouro que gardaba na súa cova. Daquela, o dragón, coa axuda do Bruxo Vello, convértese nun mozo garrido, o príncipe Xabrín, e consegue enganar a Zeralda cos seus encantos.

Autora: Leticia Costas

Esta non é unha historia calquera. É a miña historia. Preguntarás quen son eu. Chámome Eleonora, son unha vampira e dedícome a papar os insectos que queren roer as páxinas dos libros da biblioteca onde vivo. Así que se es desas persoas que non cre na existencia de criaturas coma min, é mellor que non abras este libro, que o coloques nun andel e te esquezas de todo isto para sempre. Fin. Ou tamén podes atreverte a continuar. Mais para iso debes darme unha mostra de confianza e pasar unha proba. Atrévete?



EDUCACIÓN SECUNDARIA




Autora: Leticia Costas

As cousas entre Nana e Corvo ultimamente non van nada ben. Conseguiran construír un mundo onde compartían todo: películas, música, manga, videoxogos... Non querían separarse nunca. Mais iso era antes. Agora Corvo desaparece durante horas e non conta onde vai. Cando Nana lle pregunta que lle pasa, enfádase. No seu grupo de amigos ninguén comprende que lle sucede.

Autora: Sara Vila

A desaparición dunha rapaza en Pontevedra sacode a cidade mentres a prensa local comeza a furgar na súa vida familiar e nas relacións persoais. Moitos prexuízos sociais pesan sobre Eva Cortes: ser muller, pertencer a unha familia humilde e frecuentar aplicacións de contactos. Na redacción do Correo de Pontevedra non desperdician ningunha información morbosa, aínda que Antía Ubeira non estudase xornalismo para facer dun suceso tan tráxico unha noticia sensacionalista.





Autor: Marcos Calveiro

Seis anos despois da desaparición de Natalia, unha chamada do pasado esperta unha mañá á inspectora Lina Souto: a rapaza apareceu espida e viva nunha praia de Teis. Comeza así unha trepidante carreira contra o reloxo para descubrir o acontecido durante todo este tempo e, quizais, tamén para salvar a vida dun meniño.

Autor: Marcos Calveiro

Corre o derradeiro terzo do século XIX e Karl Marx escribe, na biblioteca do British Museum, a segunda parte da súa obra máis senlleira, *O kapital*, cando lle rouban parte do manuscrito. Un noviño e espelido Sherlock Holmes, acompañado do poeta Curros Enríquez, un mozote acabado de chegar ao Reino Unido tras a súa fuxida de Galicia, onde esperaba atopar un mundo novo de progreso e cultura, empregarán todas as súas habelencias para resolver este misterio que os levará a unha apaixonante aventura.



EDUCACIÓN SECUNDARIA




Autor: Gerald Durrell

Simon e Peter van de vacacións a Grecia, á casa da súa prima Penélope. Un día fan unha excursión á praia cun bote inchable. Alí aparece un paquete do que saen unhas voces e descubren no seu interior unha gaiola, completamente amoblada, coma se fose unha casa. Nela discuten un papagaio e unha araña, procedentes de Mitoloxía, un país rexido por tres libros parlantes e por Papagaio, o gardián das palabras. O tres raparigos axudarán a salvar Mitoloxía do poder dos Basiliscos.

Autor: Gerald Durrell

Gerald Durrell combina nos seus libros o retrato de xentes e lugares, a autobiografía e un insuperable sentido do humor. A miña familia e outros animais é sen dúbida a súa obra máis coñecida e celebrada.





Autor: Mark Haddon


Aos seus quince anos, Christopher coñece as capitais de todos os países do mundo, pode explicar a teoría da relatividade e recitar os números primos até o 7.507, pero cústalle relacionarse con outros seres humanos. Gústalle as listas, os esquemas e a verdade, pero odia o amarelo, o marrón e o contacto físico. Emulando o seu admirado Sherlock Holmes, as súas pescudas levarano a cuestionar o sentido común das persoas adultas que o rodean e a desvelar algúns segredos familiares que porán patas arriba o seu ordenado e seguro mundo.

Autora: Laura Gallego

Francia. Ano 997 da nosa era. Michel, un monxe cluniacense, decide embarcarse nunha misión imposible. Segundo as revelacións do ermitán Bernardo de Turingia, o fin do mundo achégase e só hai unha maneira de salvar a humanidade: invocar o Espírito do Tempo. Pero antes é preciso recuperar os tres eixos sobre os que se sustenta a Roda do Tempo. Onde se atopan? Ninguén o sabe?



EDUCACIÓN EN VALORES




Autora: Rachel Bright

Esta é unha historia submarina cunhas ilustracións moi bonitas coas que se poderá traballar o consumismo cos máis pequenos. Anímaste a lelo?

Autora: Rachel Bright

Kevin é un koala ao que non lle gustan nada, pero nada, os cambios. Un día iso cambia e o koala Kevin descobre que ten un mundo sorprendente ao seu arredor.



Autora: Rachel Bright

Un gran libro co que aprender a resolver os problemas con agarimo. A pequena abrazosaurio atópase ante un dilema: Como vai conseguir que os seus amigos e amigas deixen de discutir, ruxir e pelexarse? Está disposta a intentalo todo. A súa nai sempre lle di que os abrazos son a mellor solución. Logrará que todo volva á calma?

Autora: Amandine Thomas


Con este libro mergullaraste na inmensidade dos océanos. Viaxarás a través de 10 ecosistemas mariños, dende o Ártico ata a Gran Barreira de Coral, Illas Galápagos... aprendendo sempre unha morea de curiosidades. Porque os océanos debemos de coidalos e para iso, que mellor que coñecelos un pouco máis?



Autora: Amandine Thomas

Este libro mostra un día calquera na vida das familias que se enfrentan ao reto de educar e de aprender.

En familia é un percorrido polos dereitos fundamentais da infancia onde todas as voces contan.



BANDA DESEÑADA



Autora: Raina Telgemeier +8

Raina só quere ser normal. Pero unha noite, tras unha reunión dos scouts, tropeza e rompe os dentes. Os meses seguintes van ser unha loucura para ela: vaise ver obrigada a pasar por unha operación, poñer bráquets metálicos, levar un horrible casco e incluso dentes falsos. Pero ademais terá que sobrevivir a un terremoto, aos primeiros amores e a algúns amigos que resultan non selo tanto.


Autor: Kiko da Silva +6

Fiz é o neno máis porco do mundo. Gústalle todo o escatolóxico, como falar coas cacas ou facer cadros abstractos con mocos. De maior quería ser parado de profesión, pero acaba de descubrir que hai un emprego moito máis divertido: Fiz quere ser debuxante de banda deseñada! Así non pasará fame.




Autora: Svetlana Chmakoca +9

Este é un libro emocionante no que a protagonista Penélope comeza o curso nunha nova escola e... xa comeza con problemas que deberá solucionar. E loitará contra os abusóns que hai no seu centro. Se te animas a lelo e che gusta, o seguinte libro que te espera é *Valientes*.




Autor: Ashley Spires +6

Binky é un axente espacial, ou iso é o que el cre. En realidade, é un gato doméstico que nunca saíu da «estación espacial» familiar. A súa misión será saír ao espacio exterior (fóra de casa), explorar lugares descoñecidos (o xardín) e loitar contra os extraterrestres (bichos).



Autor: Ken Wakui +13

Tras o desenlace do incidente de Kanto, onde Takemichi e Kisaki se enfrenta cara a cara, dá comezo á súa última reunión. Un pequeno empuxón nas costas propinado por Mikey fai que Takemichi se decida a abandonar o pasado e volver ao futuro... E ese futuro podería ser a versión máis feliz que atopou até agora?!



BANDA DESEÑADA



Autora: Artur Laperla +6

En CórteX™, centro de investigacións ultraavanzadas, os profesores Rosa e Molécula están moi asustados e non lles queda outra que pedirlle axuda a Superpataca. Os seus experimentos deron como resultado moscas xigantes que están encerradas no sector 13, pero, ata cando?

Autor: David Pilkey +6

Policán é metade can, metade humano. E ademais é un policía estupendo, pero, ás veces, non pode controlar os seus instintos máis caninos. Queres coñecer un pouco máis sobre el e as súas aventuras?



Autor: Miguel Anxo Prado +13

Os seres e os feitos maravillosos que lles escapan ás leis da natureza e a ciencia están presentes na maioría das crenzas e das relixións. E aparecen sempre agrupados en dúas castes antagónicas: bos e ruíns, anxos e demos, fadas e bruxas...E o ser humano queda aí, no medio, loitando coa súa propia natureza ambivalente. Cando menos, así o contamos nós mesmos, os humanos. Pero, no fondo, nunca escoitamos a versión das outras partes...

Autor: Alberto Varela +10

Alberto Varela volve á banda deseñada de carácter histórico cunha obra ambientada na época da Transición. Pepe Pardiñas é un emigrante galego retornado de Suíza con coñecementos do mundo da ufloxía e do paranormal. En pleno debate político entre reforma e ruptura, Pardiñas será quen de albiscar como pode ser o futuro de Galicia e da humanidade.

